



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2022. (EXPEDIENTE 2022/G010/000011)**

No salón de plenos do Concello da Laracha, sendo as 13:30 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretaria Dna. Marta Vázquez Garea e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

### **Señores Asistentes:**

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

### Concelleiros:

#### Asisten:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)  
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)  
Dna. Rocío López Rey (PP)  
D. Ramiro Bello Recouso (PP)  
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)  
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)  
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)  
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)  
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)  
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)  
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)  
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)  
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)

Non asisten Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE). A excusa Palomi. E D. Jesús Souto Pena (PP) A excusa o Alcalde

D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP) entra a las 13.42h.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)**1. APROBACIÓN INICIAL DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2023.-**

**PRMEIRO.-** Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2022 por importe de 9.137.191,90 euros.

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente os estados de gastos e ingresos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico 2023, acompañados da memoria de alcaldía e do informe económico financeiro, co seguinte resumo por Capítulos:

**ESTADO DE GASTOS**

CAP CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1	Gastos de persoal	2.070.643,37
2	Gastos en bens correntes e servizos	5.531.840,29
3	Gastos financeiros	10.000,00
4	Transferencias correntes	583.900,00
	<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6	Investimentos reais	1.194.515,33
7	Transferencias de capital	370.000,00
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	89.101,01
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>9.850.000,00</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

CAP CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>• OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1	Impostos directos	2.548.000,00
2	Impostos indirectos	130.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.675.995,36
4	Transferencias correntes	4.513.761,19
5	Ingresos patrimoniais	1.000,00
	<b>• OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	268.435,35
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	712.808,10
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>9.850.000,00</b>





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, que conteñen no seu apartado 21º a modificación do acordo plenario de 21 de xuño de 2019 en relación coas retribucións das dedicacións exclusivas, o Anexo de Personal, o Anexo de Investimentos e o Estado da Débeda.

**TERCEIRO.-** Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

**CUARTO.-** Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Municipal para o ano 2023 e o Cadro de Persoal aprobados polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**QUINTO.-** Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

**SEXTO.-** Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O alcalde, en primeiro lugar, quere agradecer o traballo realizado polo servizo de Intervención, sobre todo ao interventor. Aprobamos un presuposto antes do novo exercizo. Non se puido traer antes a Pleno porque hai cifras que non chegan antes.

Na quenda de intervencións o PSOE anuncia a emenda á totalidade.

O Grupo Municipal Socialista da Laracha non pode estar en absoluto de acordo co proxecto de orzamento que presenta o Goberno municipal para o vindeiro exercizo, ao considerar que non resulta, para nada, indicativo do modelo de pobo que Laracha precisa.

Neste senso, os orzamentos propostos polo Executivo local para o ano 2023 resultan unha simple copia das contas achegadas en exercicios anteriores, sen considerar, polo tanto, ningún tipo de evolución nin de cambio no noso pobo.

O noso grupo municipal ten sido claro con respecto aos proxectos orzamentos que se teñen presentado nos últimos anos, especialmente tras a crise da Covid-19 e o seu impacto nas facendas locais e nas economías das familias larachesas: non poden ser orzamentos ordinarios e teñen que construírse en torno á lectura real do que acontece no noso pobo, na Laracha.

Este proxecto orzamentario que se nos presenta para o ano 2023 vén amosar unha clara continuidade de configurar un uso dos recursos económicos do Concello como se neste pobo non acontecese nada distinto aos anos anteriores, coma se a inflación galopante nos prezos de consumos máis básicos das familias, dos prezos e accesibilidade da vivenda ou mesmo as necesidades de que o Concello se configure como un “auténtico prestador de servizos sociais integrais” non estivesen a ser unha realidade palpable para a veciñanza. Mais aledámonos que inclúan a partida do bono comercio local, este grupo municipal presentou o ano pasado unha emenda parcial Estudo dinamización e mellora da competitividade do comercio e hostalería do Concello da





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Laracha. Esta emenda trataba de que se puxese en marcha un estudo diagnóstico do noso comercio e hostalería, coa recollida de información a través dunhas enquisas dirixidas tanto a persoas empresarias como a veciñanza do noso pobo e visitantes, co obxectivo de contribuír a mellorar a competitividade do comercio e hostalería local.

Somos conscientes das dificultades que trouxo consigo a crise sanitaria para os pequenos negocios, ao igual que das oportunidades que puxo de manifesto: o maior consumo local e o auxe da venda online ou o reparto a domicilio.

Como xa aconteceu co orzamento para este ano vixente, o noso grupo municipal segue a considerar que este proxecto que se nos presenta para o vindeiro 2023 non aproveita de

Continúa dicindo que hai partidas nas que estamos conforme (anexo de investimentos). Botamos en falta a participación veciñal na elaboración dos orzamentos.

Tamén hai moitos recoñecementos extraxudiciais de crédito, incluso hai unha chamada de atención no informe de Intervención.

O alcalde contesta que é criterio do grupo de goberno se imos a orzamentos participativos ou non. Ese sistema non está funcionando en ningún sitio. Hai que pasar un exame: os veciños elixen quen goberna e é o goberno o que ten que ter as ideas claras das necesidades dos veciños. Que puxo en funcionamento dos orzamentos participativos logo non fai caso da participación. Son algo de cara á galería.

Respecto dos recoñecementos extraxudiciais pon de manifesto que son facturas que chegan a final de ano que se pasan ao seguinte.

Por outra banda, temos 11.000 habitantes, non somos unha gran cidade. Esta non é unha función da Xunta de Goberno Local. O que presenta non son emendas para A Laracha. xeito amplo o incremento de ingresos que o Concello da Laracha vai percibir pola vía das transferencias doutras administracións.

O Concello da Laracha presenta para o ano 2023 un orzamento que acada os 9.850.000 euros, e dicir, 1.232.000 máis, sen que neles se perciba a resposta que A Laracha para afrontar os retos inmediatos nin os retos de futuro para acadar unha Laracha máis verde, máis dixital, máis social sen que ninguén quede atrás.

Son uns orzamentos nos que non se establecen as medidas de protección que precisa a cidadanía, fundamentalmente a máis vulnerable, o sector empresarial afectado por esta crise enerxética, e nos que tampouco se fortalecen os servizos públicos. Estes deberían ser uns orzamentos que nos permitisen avanzar en xustiza social e prosperidade económica, garantir a igualdade de oportunidades e protexer ás familias, ás PEMES e ás empresas.

Por este motivo dende o PSdeG-PSOE A Laracha consideramos que, en liñas xerais, o proxecto orzamentario debe ser devolto ao equipo de goberno polos seguintes motivos:





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

1. Queremos que entre todas e todos decidamos a que imos dedicar os recursos municipais, que sexan as larachesas e laracheses quen decida en que sentido orientar o investimento público. Reclamamos a apertura dun proceso de consulta directa que permita recoller as “necesidades reais” das parroquias da Laracha e en que sentido orientar o investimento público.

Necesidade de adaptar as contas municipais ao contexto da emerxencia social provocada pola suba disparada da inflación. Sen embargo, a partida dedicada a emerxencia así como as becas de educación non se incrementan, mantéñense.

Chamada a poñer a nosa vila como referente da participación veciñal, apostando por uns orzamentos participativos. Queremos uns orzamentos que permitan afrontar este contexto de crise, impulsar as moitas potencialidades que ten A Laracha e reforzar de forma substancial os servizos públicos que recibe a veciñanza da Laracha.

2. No propio Informe de Intervención faise un chamamento no punto de Gastos correntes a que os recoñecementos extraxudiciais de crédito deberían ter un carácter excepcional, e non habitual, advertindo ao Goberno municipal de que deben de actuar con prudencia.
3. Nos investimentos reais inclúense neste capítulo partidas para investimentos xenéricos que non se concretan en proxectos detallados no anexo de investimentos, de modo que o mesmo non se axusta ao previsto no artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004 e no artigo 19 do Real decreto 500/1990.

O alcalde e os concelleiros e concelleiras con dedicación exclusiva, así como o persoal eventual aplícase unha subida salarial do 4 %, en liña co funcionariado. Incongruencia co votado por parte do Partido Popular na Mesa do Congreso, pois votou en contra de aplicar a suba das deputadas e deputados a suba do funcionariado.

É por iso e por todas estas cuestións aquí expostas que:

### **Solicitamos ao Pleno do Concello da Laracha:**

**Baixo os criterios que substancian esta emenda á totalidade, a devolución da proposta de Orzamento Xeral do Concello da Laracha para o ano 2023 á Xunta de Goberno local para a apertura dun novo período de elaboración do mesmo con criterios participativos, centrados na realidade da crise económica e social creada pola pandemia da COVID-19 e a inflación de prezos ligados á guerra de Ucraína no noso municipio, e polo tanto, cun criterio de elaboración do proxecto orzamentario coas prioridades antes descritas.**

Sometida a votación a emenda presentada, esta e rexeitada polos seguintes votos:

En contra Partido Popular D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)

A Favor partido Socialista: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE),





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Abstencións Bloque nacionalista Galego: D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

Toma a palabra o voceiro do BNG para manifestar que cren nos Consellos parroquiais para recoller propostas.

Este orzamento increméntase en 1,2 millóns de € respecto do exercicio anterior, sobre todo polo préstamo do IGVS para a reforma da rectoral de Montemaior. Destacan en ingresos as aportacións da Deputación (10%). Estas achegas nos últimos catro anos supoñen unha alta porcentaxe de financiación. Gracias ao Plan Único, tan criticado por vostede, que permite incorporalo no orzamento e permite desenvolver a autonomía local.

Neste momento, sendo as 13:42 horas, incorpórase á sesión o concelleiro do PP X. Alberto Blanco Veiga.

Continua dicindo o concelleiro que nos gastos, o de personal acada un 21 % (incrementa un 0,9% respecto do 2022); o capítulo II supera os 5,5 millóns, supoñendo un 56% do orzamento. Entre estes dous capítulos suman un 77 % do orzamento.

O Capítulo IV un 6% e o capítulo VI un 12%.

Resulta chamativo nun ano electoral que se incrementen os gastos de publicidade, comunicación e atencións protocolarias. E resulta escandaloso o incremento dos importes a percibir polos membros con adicación exclusiva: dun 35 %, superior ao dos funcionarios. Sobre todo o do alcalde, achegándose ao límite legal e convertíndose nun dos alcaldes que mais cobra de Galicia segundo a poboación do Concello.

O capítulo I increméntase nun 9% e os soldos dos membros do goberno nun 4%.

Non hai nada de promoción do sector económico do concello.

Estamos diante dun orzamento continuista, pouca inversión, incremento dos salarios dos membros do goberno, cun asesor de goberno que ten funcións de funcionario.

Manifesta que votarán en contra.

Responde o alcalde:

Na Deputación houbo ese incremento dos membros do goberno

Voceiro BNG: pero a poboación non é a mesma.

Continúa o alcalde: equipárase ao do resto dos traballadores.

En relación aos salarios puntualiza que o que saiu na prensa é mentira. Os alcaldes temos salarios segundo a Lei. Neste concello estamos por debaixo do límite.







## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Respecto do personal eventual: temos dous posibles postos segundo a normativa. Fai moito tempo que le escoito este discurso. Continuamos facendo as cousas ben.

Respecto do Plan Único: é certo que fun moi crítico, pero este ano son 126.000,00 € menos.

Onte mesmo chegou unha subvención para un Plan de Formación que xa se incorporará no orzamento.

Por ratio de poboación somos os que menos gasto de personal temos (Capt I).

En relación ao Cap II temos servizos e temos que atendelos. Os servizos medran: lixo, SAF...

Respecto da promoción económica poñemos moitas facilidades fiscais, cos impostos ao mínimo legal (IBI). A idea é seguir mantendo isto. Bonificacións ás empresas no polígono, bonos e vales para o comercio...

Tamén poidemos mentir nos ingresos, peor non. Imos con cifras reais de ingresos; xa incrementaremos o orzamento.

O voceiro do BNG responde: xa sabía que sacaría o comodín da Deputación. Eu cobraba o soldo que estaba establecido para todos. Pero foron 4 anos e non é a mesma poboación de 1 millón de habitantes.

O alcalde manifesta que non incumpren nada.

O voceiro do BNG indica que cando eles propuxeron bonos para o comercio votaron en contra, ao que o alcalde responde que o concello sacou outro tipo de axudas con gran orzamento. Tamén van votar en contra do orzamento, e polo tanto, do comercio local.

Sometida a proposta a votación, esta resulta aprobado por maioría de dez (10) votos a favor partido (PP) D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)

En contra partido Socialista e Bloque nacionalista Galego: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

## REMATE DA SESIÓN.-

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14:56 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretaria, dou fé.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

**Sede Electrónica:** <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

FIRMADO POR Marta Vázquez Garrea (FECHA: 18/01/2023 09:41:00) , José Manuel López Varela (FECHA: 18/01/2023 10:57:00)

versión imprimible

CVD: 3UF4xJK2Dqi+qQ9Ucq0U  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

